

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

**6512** *Real decreto 563/2017, do 2 de xuño, polo que se regulan as inspeccións técnicas en estrada de vehículos comerciais que circulan en territorio español.*

O Real decreto 957/2002, do 13 de setembro, polo que se regulan as inspeccións técnicas na estrada dos vehículos industriais que circulan en territorio español, regula as inspeccións na estrada de vehículos industriais tanto de transporte de mercadorías como de viaxeiros, e incorpora ao noso ordenamento xurídico a Directiva 2000/30/CE, do 6 de xuño de 2000, relativa ás inspeccións técnicas na estrada dos vehículos comerciais que circulan na Comunidade.

Esta normativa europea foi modificada pola Directiva 2003/26/CE da Comisión, do 3 de abril de 2003, pola que se adapta ao progreso técnico a Directiva 2000/30/CE do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire aos dispositivos de limitación de velocidade e ás emisións de gases de escape dos vehículos comerciais, e pola Directiva 2010/47/UE da Comisión, do 5 de xullo de 2010, para a súa adaptación ao progreso técnico.

Ambas as modificacións foron incorporadas ao noso ordenamento xurídico mediante o Real decreto 122/2004, do 23 de xaneiro, que modificou o citado Real decreto 957/2002, do 13 de setembro, co obxecto de incorporar unha revisión dos valores límite de emisión aplicables nas inspeccións e incluír a inspección funcional dos dispositivos de limitación de velocidade, así como pola Orde IET/557/2012, do 14 de marzo, pola que se actualizan os anexos do dito Real decreto 957/2002, do 13 de setembro.

En maio de 2014 entrou en vigor a Directiva 2014/47/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de abril de 2014, relativa ás inspeccións técnicas na estrada de vehículos comerciais que circulan na Unión Europea, a cal derroga a Directiva 2000/30/CE, con efectos a partir do 20 de maio de 2018. Esta nova directiva actualiza o réxime de inspeccións técnicas na estrada e incorpora as normas previstas na Recomendación 2010/379/UE da Comisión, do 5 de xullo de 2010, sobre a avaliación de risco das deficiencias detectadas durante as inspeccións técnicas na estrada dos vehículos industriais, de conformidade coa Directiva 2000/30/CE, do Parlamento Europeo e do Consello.

O seu obxectivo é mellorar as condicións de seguridade nas vías de tránsito da Unión Europea, tomando como base o establecemento duns requisitos mínimos comúns apoiados na harmonización das normativas existentes na actualidade nos diferentes Estados membros, cuxo fundamento se encontra na política de transportes e de seguridade viaria da Unión Europea, en concreto no Libro branco de transportes e no Programa de acción europeo de seguridade viaria, ao fixar a meta de conseguir reducir o número de vítimas mortais nas estradas da Unión Europea para 2020 en relación cos datos de accidentalidade rexistrados en 2011, todo isto baixo a perspectiva da «visión cero» que consiste en que a Unión Europea se aproxime, de aquí a 2050, á meta de «Cero mortes» no transporte por estrada.

Para alcanzar este fin confíase en que a tecnoloxía dos vehículos contribuirá de forma notable a conseguir uns niveis máis elevados de seguridade no transporte por estrada. Este feito exige que os Estados membros establezan uns controis máis estritos e aleatorios para garantir que os vehículos que circulan polas estradas nacionais cumpren a lexislación vixente en relación co seu estado, todo isto coa certeza de que o cumprimento da normativa non só permitirá mellorar a seguridade viaria senón que tamén reducirá as emisións contaminantes e evitará a posible existencia dunha competencia desleal no transporte por estrada, contribuíndo desta forma a un transporte e unha mobilidade segura, sustentable e sen perturbacións.

A inspección técnica de vehículos forma parte dun réxime deseñado para garantir que os vehículos estean en boas condicións desde o punto de vista da seguridade e do ambiente durante o seu uso.

Ese réxime debe abranguer a inspección técnica periódica dos vehículos e, como complementarias, as inspeccións técnicas na estrada con carácter aleatorio dos vehículos utilizados para actividades de transporte comercial polas ditas vías, para garantir que os vehículos se encontran en boas condicións para circular. Durante o período 2009-2010, máis de 350.000 vehículos sometidos a inspeccións técnicas na estrada en toda a Unión Europea tiveron que ser inmovilizados por non cumpriren cos requisitos exixidos para a súa circulación.

Para evitar unha carga e uns custos administrativos innecesarios e reforzar a eficacia das inspeccións, débense inspeccionar prioritariamente os vehículos explotados por empresas que non cumpren as normas de seguridade e protección do ambiente, e recompensar os vehículos de transportistas responsables e preocupados pola seguridade e os vehículos cuxo mantemento sexa correcto, someténdoo a inspeccións na estrada menos frecuentes.

A selección de vehículos para inspeccións técnicas na estrada baseada no perfil de risco dos operadores debe resultar unha ferramenta útil para efectos de controlar mellor e con máis frecuencia as empresas de alto risco. Para tal fin, as inspeccións técnicas na estrada deben apoiarse nun sistema de clasificación de riscos que inclúa a información relativa ao número e á gravidade das deficiencias detectadas nos vehículos.

As inspeccións técnicas na estrada consistirán nunha inspección inicial e, a continuación, se resultar necesario, outra máis minuciosa, que se poderá realizar con unidades móbiles de inspección ou ben nas estacións fixas de ITV máis próximas.

Neste sentido, o recurso a unidades móbiles de inspección, por unha parte, permite reducir os custos das operadoras e, por outra, permite asegurar que os vehículos que circulan polas estradas nacionais cumpren os requisitos fixados na normativa sectorial existente, o que favorece a mellora da seguridade de todos os usuarios das vías.

Outro punto fundamental sobre o que incidir refírese á correcta suxeición da carga ao considerala aspecto esencial para a seguridade viaria, cuxa disposición debe garantir que permanece perfectamente impedida para calquera movemento derivado dos propios do vehículo en que vai transportada, así como cumprir o recollido en canto á disposición da carga no artigo 14 do Regulamento xeral de circulación, aprobado polo Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro.

A teor do exposto, a través deste real decreto incorpórase ao noso ordenamento interno a citada Directiva 2014/47/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de abril de 2014.

O capítulo I dedícase ao seu obxecto e ámbito de aplicación e inclúe unha relación das definicións necesarias para a correcta interpretación do texto.

O capítulo II establece o réxime de inspección técnica na estrada, distinguindo entre as inspeccións técnicas iniciais e as inspeccións técnicas máis minuciosas.

Como novidades cabe destacar, por unha parte, que se fixa un número mínimo de inspeccións técnicas iniciais tanto de vehículos matriculados en España coma noutros Estados membros, que estará determinado por unha porcentaxe representativa dos vehículos matriculados en España, de forma que se contribúa de maneira significativa ao cumprimento do obxectivo europeo de que cada ano o número total de inspeccións técnicas iniciais na estrada na Unión Europea corresponderá, como mínimo, ao 5 % do número total daqueles vehículos que estean matriculados nos Estados membros.

E, por outra, a implantación dun sistema de clasificación de riscos para definir aquelas empresas operadoras do transporte por estrada que teñen un mal historial en canto ao cumprimento do exixido na normativa tanto de inspeccións técnicas periódicas como na estrada. Esta clasificación poderase utilizar para controlar de forma máis estrita e con maior frecuencia as empresas clasificadas de risco alto, todo isto co fin de asegurar que o transporte se realiza da forma máis sustentable, segura, competitiva e por aqueles operadores máis concienciados coas normas de seguridade viaria e co respecto ao ambiente.

O capítulo III refírese aos procedementos de inspección e regula, entre outros aspectos, o obxecto das inspeccións técnicas na estrada, con especial referencia á inspección da suxeición da carga, unha das novidades nesta materia, así como ás clases de deficiencias que se poidan detectar en función da súa gravidade e o seguimento a que se deberán someter para efectos de seren emendadas.

Tamén se relaciona a información que se deberá obter como resultado dunha inspección técnica inicial, así como os modelos de informes que se emitirán nas inspeccións técnicas máis minuciosas conforme se recollen no anexo IV. Igualmente, determinan as comunicacións que se deberán efectuar ao organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico en relación coas inspeccións efectuadas, ao que se designa punto de contacto como responsable de asegurar a recompilación, coordinación, custodia e intercambio de información nos termos previstos na directiva obxecto de transposición.

Finalmente, o capítulo IV remítese á normativa aplicable en materia sancionadora, determina o responsable de manter o vehículo en condicións aptas e establece os suxeitos que terán a condición de inspector.

Este real decreto recibiu o informe do Consello Superior de Tráfico, Seguridade Viaria e Mobilidade Sustentable, de acordo co artigo 8.5 d) do texto refundido da Lei de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro. Ademais, someteuse ao trámite de audiencia conforme o previsto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Na súa virtude, por proposta dos ministros do Interior e de Economía, Industria e Competitividade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de xuño de 2017,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste real decreto é regular as condicións en que se deben realizar as inspeccións técnicas na estrada dos vehículos comerciais que circulen no territorio nacional, con independencia do seu Estado de matriculación, co fin de mellorar a seguridade viaria e o ambiente.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto será de aplicación aos vehículos comerciais que circulan polo territorio español, con independencia do Estado en que se matriculasen, cunha velocidade nominal superior a 25 km/h, pertencentes ás seguintes categorías, definidas segundo o estipulado na Directiva 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de setembro de 2007, pola que se crea un marco para a homologación dos vehículos de motor e dos remolques, sistemas, compoñentes e unidades técnicas independentes destinados aos ditos vehículos, e incorporada ao ordenamento xurídico español polo Real decreto 866/2010, do 2 de xullo, polo que se regula a tramitación das reformas de vehículos, no Regulamento (UE) n.º 167/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de febreiro de 2013, relativo á homologación dos vehículos agrícolas ou forestais, e á vixilancia do mercado dos ditos vehículos, e no non previsto nelas, no Real decreto 750/2010, do 4 de xuño, polo que se regulan os procedementos de homologación de vehículos de motor e os seus remolques, máquinas autopropulsadas ou remolcadas, vehículos agrícolas, así como de sistemas, partes e pezas destes vehículos:

a) Vehículos de motor deseñados e fabricados principalmente para o transporte de persoas e as súas equipaxes, con máis de oito prazas ademais da do condutor— vehículos das categorías M<sub>2</sub> e M<sub>3</sub>.

b) Vehículos de motor deseñados e fabricados principalmente para o transporte de mercadorías, cunha masa máxima superior a 3,5 toneladas – vehículos das categorías N2 e N3.

c) Remolques deseñados e fabricados para o transporte de mercadorías ou de persoas, así como para o aloxamento de persoas, cunha masa máxima superior a 3,5 toneladas – vehículos das categorías O3 e O4.

d) Tractores de rodas da categoría T cunha velocidade nominal máxima superior a 40 km/h, utilizados principalmente en vías públicas para o transporte comercial por estrada.

e) Vehículos comerciais lixeiros da categoría N1 cun peso inferior a 3,5 toneladas dentro dos controis e inspeccións que se poidan realizar a este tipo de vehículos.

### Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto entenderase por:

1. «Carga»: todas as mercadorías que normalmente se transportarían en ou sobre a parte do vehículo deseñada para soportar unha carga e que non estean fixadas a el de forma permanente, incluídos os obxectos transportados polo vehículo en portacargas tales como caixóns, caixas móbiles ou contedores.

2. «Vehículo comercial»: un vehículo de motor e o seu remolque ou semirremolque, utilizado principalmente para transportar mercadorías ou pasaxeiros con fins comerciais, como o transporte por conta allea ou o transporte por conta propia, ou outros fins profesionais.

3. «Vehículo matriculado nun Estado membro»: vehículo matriculado ou posto en circulación nun Estado membro.

4. «Inspección técnica na estrada»: a inspección técnica non anunciada, e por tanto inesperada, dun vehículo comercial que circule no territorio nacional, efectuada na vía pública pola autoridade competente en materia de tráfico ou baixo a súa supervisión.

5. «Empresa»: persoa física ou xurídica que transporta viaxeiros ou mercadorías con fins comerciais.

6. «Certificado de inspección técnica»: un certificado da inspección técnica expedido pola autoridade competente ou polo centro de inspección que contén os resultados da inspección técnica.

7. «Inspector»: os membros das forzas e corpos de seguridade, no que afecta as inspeccións técnicas iniciais, e as persoas que reúnan a cualificación técnica precisa para levar a cabo inspeccións técnicas máis minuciosas, de acordo co previsto nas normas aplicables ás inspeccións técnicas de vehículos.

8. «Deficiencias»: fallos técnicos e outros incumprimentos detectados durante unha inspección técnica na estrada.

9. «Unidade móbil de inspección»: un sistema transportable do equipo de inspección necesario para realizar inspeccións técnicas máis minuciosas na estrada e que conta con inspectores competentes para realizar inspeccións técnicas máis minuciosas na estrada.

## CAPÍTULO II

### Réxime de inspección técnica na estrada

#### Artigo 4. *Réxime de inspección técnica na estrada.*

O réxime de inspección técnica na estrada consistirá en inspeccións técnicas iniciais na estrada e inspeccións técnicas máis minuciosas na estrada, como se establece no artigo 8.1 e 3, respectivamente.

Artigo 5. *Porcentaxe de vehículos por inspeccionar.*

O número total de inspeccións técnicas iniciais na estrada de vehículos comerciais definidos no artigo 2.a), b) e c), tanto de vehículos matriculados en España coma noutros Estados membros, será respecto a unha porcentaxe representativa dos vehículos matriculados en España, de forma que contribúa de maneira significativa ao cumprimento do obxectivo europeo de que cada ano o número total de inspeccións técnicas iniciais na estrada na Unión Europea corresponderá, como mínimo, ao 5 % do número total daqueles vehículos que estean matriculados nos Estados membros.

Artigo 6. *Sistema de clasificación de riscos.*

1. Respecto dos vehículos mencionados no artigo 2.a), b) e c), establécese un sistema de clasificación de riscos segundo se define no anexo I deste real decreto, ao cal se incorporará a información establecida no anexo II e, cando sexa aplicable, a contida no anexo III, relativa ao número e á gravidade das deficiencias detectadas en vehículos explotados por cada empresa.

2. Para a atribución de perfís de risco ás empresas, aplicaranse os criterios previstos no anexo I. Esta información poderase utilizar para controlar de forma máis estrita e con maior frecuencia as empresas cunha clasificación de risco alto. Ese sistema de clasificación de riscos será xestionado polo organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico.

3. A información recibida dos restantes Estados membros sobre o resultado das inspeccións na estrada de vehículos matriculados en España incorporárase no Rexistro de Vehículos, para efectos da súa aplicación na clasificación de riscos.

### CAPÍTULO III

#### Procedementos de inspección

Artigo 7. *Selección dos vehículos que se van someter a unha inspección técnica inicial na estrada.*

1. No caso de realizar unha inspección técnica inicial na estrada, na selección poderáselles dar prioridade aos explotados por empresas cun perfil de risco alto, de acordo co sistema de clasificación de riscos definido no artigo 6.

2. Poderanse seleccionar, así mesmo, para inspección outros vehículos ao azar ou se se sospeita que presentan un risco para a seguridade viaria ou o ambiente.

3. As inspeccións técnicas na estrada levaranse a cabo sen discriminación por motivos de nacionalidade do condutor ou do país de matriculación ou de posta en circulación do vehículo industrial, e tendo en conta a necesidade de reducir ao mínimo os custos e os atrasos ocasionados aos condutores e ás empresas.

Artigo 8. *Obxecto das inspeccións técnicas na estrada e métodos aplicados.*

1. Na inspección técnica inicial na estrada dun vehículo, o inspector:

a) Comprobará o último certificado de inspección técnica periódica e o informe de inspección técnica na estrada, se están dispoñibles, ou xustificantes electrónicos destes, que deben conservarse a bordo do vehículo. En particular, para os vehículos matriculados ou postos en circulación nun Estado membro da Unión Europea, verificarase a existencia do comprobante de que o vehículo comercial foi sometido á inspección técnica periódica obrigatoria de acordo coa súa normativa reguladora.

b) Poderá realizar unha inspección visual do estado técnico do vehículo.

c) Poderá realizar unha inspección visual da suxeición da carga do vehículo de conformidade co artigo 11.

d) Poderá efectuar controis técnicos por calquera método que considere apropiado. Tales controis técnicos poderán efectuarse para xustificar unha decisión de someter o

vehículo a unha inspección técnica máis minuciosa na estrada ou para solicitar que se emenden sen demora as deficiencias, de conformidade co establecido no artigo 12, número 1.

Se no informe da inspección técnica na estrada anterior se consignaron deficiencias, o inspector verificará se foron corrixidas.

2. Sobre a base dos resultados da inspección técnica inicial, o inspector decidirá se o vehículo ou o seu remolque se deben someter a unha inspección técnica máis minuciosa na estrada.

3. As inspeccións técnicas máis minuciosas na estrada cubrirán aqueles elementos enumerados no anexo II que se consideren necesarios e pertinentes en función da inspección técnica inicial realizada e terán en conta, en particular, a seguridade de freos, pneumáticos, rodas, chasis e emisións contaminantes, así como os métodos recomendados para a inspección de tales elementos.

As ditas inspeccións técnicas máis minuciosas efectuaranse segundo os procedementos de inspección aplicables en cada un dos elementos para inspeccionar do anexo II, previstos na regulamentación de inspección técnica de vehículos.

4. Se no certificado de inspección técnica ou no informe de inspección na estrada se indica que, ao longo dos tres meses precedentes, se inspeccionou un dos elementos enumerados no anexo II, este punto non se volverá inspeccionar, excepto se está xustificado, en particular, debido a unha deficiencia evidente ou a unha non conformidade manifesta.

#### Artigo 9. *Instalacións de inspección.*

1. As inspeccións técnicas máis minuciosas na estrada levaranse a cabo utilizando unha unidade móbil ou realizaranse, o antes posible, nunha das estacións ITV fixas máis próximas, en función da dispoñibilidade de medios e do alcance da inspección.

2. As unidades móbiles de inspección estarán provistas do equipamento adecuado para efectuar unha inspección técnica máis minuciosa na estrada, incluído o equipamento necesario para avaliar o estado dos freos e a eficiencia de freada, a dirección, a suspensión e as emisións contaminantes do vehículo, segundo sexa necesario.

3. Cando as unidades móbiles de inspección non estean provistas do equipamento necesario para inspeccionar algún elemento indicado nunha inspección técnica inicial, ou cando non existan unidades móbiles de inspección, o vehículo será dirixido a unha estación fixa de ITV onde se poida proceder a unha inspección técnica máis minuciosa.

#### Artigo 10. *Avaliación das deficiencias.*

1. En relación con cada un dos elementos obxecto de inspección, no anexo II defínese unha lista de posibles deficiencias, xunto coa súa categoría de gravidade, que se utilizarán nas inspeccións técnicas na estrada.

2. As deficiencias detectadas durante as inspeccións técnicas na estrada dos vehículos clasificaranse nunha das categorías seguintes:

a) Deficiencias técnicas leves, que non teñen un efecto significativo na seguridade do vehículo nin impacto no ambiente, e outros incumprimentos leves.

b) Deficiencias graves, que poden prexudicar a seguridade do vehículo ou ter un impacto no ambiente ou pór en perigo outros usuarios da estrada, así como outros incumprimentos máis importantes.

c) Deficiencias perigosas, que crean un risco inmediato e directo para a seguridade viaria ou que teñen un impacto no ambiente.

3. Un vehículo que presente deficiencias dentro de máis dunha das categorías a que se refire o número 2 clasificarase na categoría correspondente á deficiencia máis grave. Un vehículo que presente deficiencias graves nas materias de inspección das que se enumeran no ámbito da inspección técnica na estrada a que se refire o anexo II, punto 1,



poderá clasificarse na categoría de gravidade superior se se considera que o efecto combinado desas deficiencias constitúe un risco máis elevado para a seguridade viaria.

#### Artigo 11. *Inspección da suxeición da carga.*

1. Durante unha inspección na estrada poderase someter un vehículo á inspección da suxeición da súa carga de acordo co disposto no anexo III, co fin de comprobar que a carga está suxeita de forma que non interfira coa condución segura nin supoña un risco para a vida, a saúde, a propiedade ou o ambiente. Pódense realizar inspeccións para comprobar que en todas as situacións de funcionamento do vehículo, incluídas as situacións de emerxencia e as manobras de arranque costa arriba:

- a) O cambio de posición das cargas entre si, contra as paredes ou as superficies do vehículo sexa mínimo.
- b) As cargas non poidan saír do espazo de carga nin desprazarse fóra da superficie de carga.

2. Así mesmo, poderán aplicarse os procedementos de seguimento das deficiencias graves ou perigosas previstos no artigo 12 en relación coa suxeición da carga.

#### Artigo 12. *Seguimento das deficiencias graves ou perigosas.*

1. Como norma xeral, toda deficiencia grave ou perigosa detectada nunha inspección técnica inicial ou nunha inspección técnica máis minuciosa deberá ser corrixida antes de que o vehículo poida volver circular polas vías públicas.

2. Se o vehículo está matriculado en España, os inspectores poderán decidir sometelo a unha inspección técnica nunha estación fixa de ITV nun prazo de 15 días hábiles, cuxo alcance será definido polo inspector que a prescribe en función das deficiencias detectadas na inspección técnica na estrada a que, previamente, fose sometido o vehículo. Se o vehículo está matriculado noutro Estado membro, o punto de contacto poderá solicitar á autoridade competente desoutro Estado membro que someta o vehículo a unha nova inspección técnica. Cando se detecten deficiencias graves ou perigosas nun vehículo matriculado fóra da Unión Europea, o punto de contacto poderá decidir informar a autoridade competente do país de matriculación do vehículo.

3. As forzas e corpos de seguridade poderán inmovilizar o vehículo nos casos previstos no artigo 104 do texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, cando presente deficiencias que constitúan un risco especialmente grave para a seguridade viaria. Se as deficiencias detectadas supoñen un risco directo para a seguridade viaria, poderase dispor o seu traslado ata un taller próximo, sexa por medios propios ou por medios alleos. Se as deficiencias non requiren emenda inmediata, deberase realizar unha reparación do vehículo para corrixir estas deficiencias e someterse a unha nova inspección no prazo de 15 días hábiles.

4. En todo caso, os axentes da autoridade notificarán a través do correspondente boletín de denuncia a infracción detectada, de modo que quede constancia ao titular ou condutor, de ser o caso, da expresa prohibición de circular co dito vehículo.

#### Artigo 13. *Gastos de inspección.*

1. Cando nunha inspección técnica máis minuciosa se detecten deficiencias, de forma tal que sexa necesaria unha inspección posterior nunha estación fixa de ITV, aboaranse as correspondentes tarifas e taxas.

2. En caso de que, tras a realización destas inspeccións máis minuciosas, se acredite que a deficiencia é constitutiva dunha infracción, todos os gastos derivados daquelas incluídos, de ser o caso, os de inmovilización, traslado e depósito, serán por conta do titular ou arrendatario a longo prazo do vehículo.

Artigo 14. *Informes das inspeccións e base de datos das inspeccións técnicas na estrada.*

1. Respecto de cada inspección técnica inicial na estrada recollerase a seguinte información:

- a) O país de matriculación do vehículo.
- b) A categoría de vehículo.
- c) O resultado da inspección técnica na estrada inicial.

2. Respecto a cada inspección técnica máis minuciosa na estrada, o inspector redactará un informe conforme o disposto no anexo IV, o cal deberá ser asinado polo inspector que a levase a cabo e pola autoridade de tráfico competente. O condutor do vehículo inspeccionado recibirá unha copia do informe de inspección.

Artigo 15. *Comunicacións.*

1. Cunha periodicidade mensual deberán remitirse ao organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico os datos relativos ao número de vehículos comerciais inspeccionados na estrada, clasificados por categorías e por país de matriculación, así como os puntos controlados e as deficiencias encontradas de acordo cos modelos recollidos no anexo V, para os efectos de comunicar á Comisión Europea a información correspondente.

2. Así mesmo, no caso de vehículos matriculados noutro Estado membro, deberán remitirse os informes das deficiencias que dean lugar á prohibición de circular conforme o previsto no artigo 12, co fin de que o Ministerio do Interior llelo comunique ás autoridades competentes do citado Estado membro e, de ser o caso, solicite a adopción de medidas complementarias.

3. As estacións fixas de ITV que efectuasen a inspección do vehículo a que se refire o número 1 remitirán, no prazo dos dez días seguintes a esta, o informe correspondente á Xefatura Provincial de Tráfico da provincia onde se efectuase a inspección técnica do vehículo.

4. De conformidade coa lexislación aplicable en materia de protección de datos, conservarase esa información polo menos durante os trinta e seis meses seguintes á data da súa recepción.

5. Désígnase como punto de contacto, para os efectos recollidos na Directiva 2014/47/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de abril de 2014, relativa ás inspeccións técnicas na estrada de vehículos comerciais que circulan na Unión e pola que se derroga a Directiva 2000/30/CE, o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico, dependente do Ministerio do Interior, que será responsable:

- a) Da recompilación e custodia da información referida ás inspeccións técnicas na estrada de vehículos comerciais que circulan en territorio español.
- b) Da información relacionada cos resultados das inspeccións realizadas sobre vehículos matriculados en España, a cal será xestionada no Rexistro Xeral de Vehículos.
- c) Da coordinación cos puntos de contacto designados polos demais Estados membros en relación coas medidas adoptadas consonte o artigo 12 deste real decreto.
- d) Da coordinación con outros Estados membros para a realización de actividades concertadas de inspección na estrada.
- e) Da transmisión á Comisión Europea dos datos a que se refire o primeiro punto deste artigo.
- f) De asegurar, se procede, calquera outro intercambio de información e asistencia cos puntos de contacto doutros Estados membros.



## CAPÍTULO IV

**Réxime sancionador**Artigo 16. *Réxime sancionador.*

1. O réxime de sancións que proceda aplicar cando non se respecten os requisitos técnicos controlados será o establecido na lexislación sobre tráfico e seguridade viaria correspondente en función do marco competencial correspondente ou, de ser o caso, na Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.

2. As medidas cautelares que se poidan acordar e, en concreto, cando se refiran á inmovilización do vehículo, axustaranse ao establecido no artigo 104 e seguintes do referido texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

Artigo 17. *Responsabilidades.*

1. O titular da autorización administrativa para circular e, de ser o caso, o arrendatario a longo prazo do vehículo, serán responsables de manter o vehículo en condicións aptas para a circulación, sen prexuízo da responsabilidade dos seus condutores.

2. O titular ou arrendatario a longo prazo do vehículo e os condutores dun vehículo sometido a unha inspección técnica na estrada deberán cooperar cos inspectores e facilitar o acceso ao vehículo, ás súas partes e a toda a documentación pertinente para fins da inspección.

Artigo 18. *Inspectores.*

1. No exercicio das funcións que lles atribúe a Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, e no que se refire ás inspeccións técnicas iniciais na estrada, os membros das forzas e corpos de seguridade teñen a condición de inspector.

2. As inspeccións técnicas máis minuciosas na estrada que se realicen en unidades móbiles de inspección serán efectuadas, baixo a dirección da autoridade competente en materia de tráfico por persoal que cumpra os mesmos requisitos que os previstos na normativa para a Inspección Técnica de Vehículos que se realice en estacións fixas de ITV, cumprindo os requisitos exixidos na normativa reguladora sobre instalación e funcionamento.

3. Á hora de realizar unha inspección técnica na estrada, os inspectores non terán ningún conflito de intereses que poida influír na imparcialidade e obxectividade da súa decisión.

4. A remuneración dos inspectores non gardará relación directa co resultado das inspeccións técnicas iniciais ou das inspeccións técnicas máis minuciosas na estrada.

Disposición adicional primeira. *Normativa reguladora das inspeccións técnicas de vehículos.*

O previsto polo presente real decreto entenderase sen prexuízo do establecido na normativa reguladora das inspeccións técnicas de vehículos.

Disposición adicional segunda. *Vehículos das Forzas Armadas e das forzas e corpos de seguridade.*

As inspeccións técnicas dos vehículos pertencentes ás Forzas Armadas e ás forzas e corpos de seguridade rexeranse pola súa propia normativa, en caso de disporen dela.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 957/2002, do 13 de setembro, polo que se regulan as inspeccións técnicas na estrada dos vehículos industriais que circulan en territorio español, e a Orde INT/316/2003, do 13 de febreiro, sobre inspeccións técnicas na estrada de

vehículos industriais, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

1. Habíltanse os ministros do Interior e de Economía, Industria e Competitividade para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do presente real decreto.

2. Habíltase o ministro de Economía, Industria e Competitividade para actualizar o contido dos anexos cando varíen os criterios técnicos de inspección, como consecuencia de modificacións da lexislación nacional, comunitaria ou internacional.

3. Mediante orde, por proposta dos ministros competentes por razón da materia, estableceranse as condicións e características da formación destinada aos inspectores para a comprobación da suxeición da carga a que se refire o artigo 11.

Disposición derradeira terceira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2014/47/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de abril de 2014, relativa ás inspeccións técnicas na estrada de vehículos comerciais que circulan na Unión Europea, pola que se derroga a Directiva 2000/30/CE.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día 20 de maio de 2018.

Dado en Madrid o 2 de xuño de 2017.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia e para as Administracións Territoriais,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

## ANEXO I

## Elementos do sistema de clasificación de riscos

O sistema de clasificación de riscos proporcionará a base para unha selección específica de vehículos explotados por empresas cun mal historial en canto ao cumprimento dos requisitos de mantemento e inspección técnica.

Terá en conta os resultados tanto das inspeccións técnicas periódicas como das inspeccións técnicas na estrada.

O sistema de clasificación de riscos tomará en consideración os parámetros seguintes para determinar a clasificación de riscos que se atribúe a cada empresa:

Número de deficiencias:

- Gravidade das deficiencias.
- Número de inspeccións técnicas na estrada ou de inspeccións técnicas periódicas e voluntarias.
- Factor temporal.

1. As deficiencias ponderaranse en función da súa gravidade, aplicando os factores seguintes:

- Deficiencia perigosa = 40.
- Deficiencia grave = 10.
- Deficiencia menor = 1.

2. A evolución na situación dunha empresa (dun vehículo) reflectirase ponderando menos os resultados (deficiencias) de inspeccións máis antigas, e máis os resultados de inspeccións máis recentes, utilizando os factores seguintes:

- Ano 1 = últimos 12 meses = factor 3.
- Ano 2 = meses 13-24 = factor 2.
- Ano 3 = meses 25-36 = factor 1.

Estes factores só se utilizarán para calcular a clasificación de riscos xeral.

3. A clasificación de riscos calcularase utilizando as fórmulas seguintes:

a) Fórmula para a clasificación de riscos xeral:

Onde:

RR = resultado da clasificación de riscos xeral.

$D_{Ai}$  = total dos defectos nos anos 1, 2, 3.

$D_{A1}$  =  $(nDP \times 40) + (nDG \times 10) + (nDL \times 1)$  no ano 1.

n... = número de ...

DP = deficiencias perigosas.

DG = deficiencias graves.

DL = deficiencias leves.

C = controis (inspeccións técnicas na estrada e inspeccións técnicas periódicas e/ou voluntarias) nos anos 1, 2, 3.

b) Fórmula para a cualificación de riscos anual:

Onde:

RA = resultado para o risco anual.

n... = número de ...

DP = deficiencias perigosas.

DG = deficiencias graves.

DL = deficiencias leves.

C = controis (inspeccións técnicas na estrada e inspeccións técnicas periódicas e/ou voluntarias).

O risco anual utilizarase para avaliar a evolución da empresa ao longo dos anos.

A clasificación das empresas (vehículos) en función da clasificación de riscos xeral realizarase de tal forma que se poidan distribuír así:

- < 30 % risco baixo.
- 30 % – 80 % risco medio.
- > 80 % risco alto.

## ANEXO II

### Ámbito da inspección técnica na estrada

1. Materias de inspección:

- 1) Identificación do vehículo.
- 2) Equipamento de freada.
- 3) Dirección.
- 4) Visibilidade.
- 5) Equipamento de iluminación e compoñentes do sistema eléctrico.
- 6) Eixes, rodas, pneumáticos, suspensión.
- 7) Chasis e elementos acoplados ao chasis.
- 8) Equipamentos diversos.
- 9) Emisións contaminantes.
- 10) Inspeccións adicionais para os vehículos de transporte de persoas das categorías

M<sub>2</sub> e M<sub>3</sub>.

2. Requisitos da inspección:

Os elementos que só se poden inspeccionar mediante a utilización de equipamentos márcanse cun (E).

Os elementos que só se poden inspeccionar en certa medida sen a utilización de equipamentos márcanse cun (+ E).

Que un método de inspección figure como visual significa que, ademais de visualizar os elementos en cuestión, o inspector deberá tamén, se procede, tocar, analizar o ruído emitido ou inspeccionalos de calquera outra maneira apropiada que non supoña a utilización de equipamentos.

As inspeccións técnicas na estrada poderán referirse aos elementos enumerados no cadro 1, en que se inclúen os métodos recomendados para levalas a cabo. Nada do disposto no presente anexo impedirá que os inspectores utilicen cando sexa preciso equipamentos adicionais como unha plataforma elevada ou un foso.

A inspección deberase levar a cabo utilizando técnicas e equipamentos dispoñibles actualmente e sen usar ferramentas para a desmontaxe ou retirada de ningún compoñente

do vehículo. A inspección poderá tamén incluír unha verificación de se as partes e os compoñentes respectivos do dito vehículo corresponden aos requisitos de seguridade e ambientais exixidos vixentes no momento da súa homologación ou, de ser o caso, no momento da súa adaptación.

Se o deseño do vehículo non permite a aplicación dos métodos de inspección recollidos no presente anexo, a inspección levarase a cabo de conformidade cos métodos de inspección recomendados aceptados polas autoridades competentes.

As «causas de rexeitamento» non serán aplicables cando se refiran a requisitos non prescritos na lexislación pertinente sobre homologación de vehículos no momento da primeira matriculación, da primeira posta en circulación ou da adaptación.

#### *Obxecto e métodos de inspección, avaliación das deficiencias dos vehículos*

A inspección abranguerá todos aqueles elementos que se consideren necesarios e relevantes de entre os que se enumeran no cadro seguinte, tendo en conta en particular a seguridade dos freos, pneumáticos, rodas, chasis e emisións contaminantes, así como os métodos recomendados no mesmo cadro.

Para cada un dos sistemas e compoñentes do vehículo obxecto de inspección, realizarase a avaliación das deficiencias de acordo cos criterios establecidos no cadro, caso por caso.

As deficiencias que non figuran no presente anexo avaliaranse en termos dos riscos que representen para a seguridade viaria.

Elemento	Método	Causas de rexeitamento	Avaliación das deficiencias		
			Leve	Grave	Perigosa
1.	Identificación do vehículo.				
0.1	Placas de matrícula (se o precisan os requisitos <sup>1</sup> ).	Inspección visual.		X	
		a) Placa(s) de matrícula non existente(s) ou suxeita(s) tan deficientemente que é probable que caia(n).		X	
		b) Inscrición inexistente ou ilexible.		X	
		c) Non conformes coa documentación ou cos rexistros do vehículo.		X	
0.2	Número de serie ou de identificación ou do chasis do vehículo.	Inspección visual.		X	
		a) Inexistente ou non se pode encontrar.		X	
		b) Incompleto, ilexible, claramente falsificado ou que non concorda cos documentos do vehículo.		X	
		c) Documentos do vehículo ilexibles ou erros administrativos.	X		
2.	Dispositivos de freada.				
2.1	Estado mecánico e funcionamento.				
1.1.1	Hasta do pedal/da panca de man do freo de servizo.	Inspección visual dos compoñentes mentres se acciona o dispositivo de freada. Nota: os vehículos con dispositivos de freada asistida débense inspeccionar co motor parado.		X	
		a) Hasta demasiado axustada.		X	
		b) Desgaste/folguras excesivas.		X	
1.1.2	Estado e carreira do pedal/panca de man do dispositivo de freada.	Inspección visual dos compoñentes mentres se acciona o dispositivo de freada. Nota: os vehículos con dispositivos de freada asistida débense inspeccionar co motor parado.		X	
		a) Carreira de reserva excesiva ou insuficiente. O freo non se pode accionar totalmente ou está bloqueado.		X	X
		b) Retorno do freo inadecuado. Afecta a súa función.	X	X	
		c) Revestimento antiesvarante do pedal de freo ausente, solto ou gastado.		X	

Elemento	Método	Causas de rexeitamento	Avaliación das deficiencias		
			Leve	Grave	Perigosa
1.1.3	Bomba de baleiro ou compresor e depósitos.	Inspección visual dos compoñentes a presión operativa normal. Comprobación do tempo necesario para que a presión baleiro/ aire alcance un valor operativo seguro; funcionamento do dispositivo de aviso, da válvula de protección multicircuíto e da válvula limitadora de presión.		X	X
				X	
				X	
				X	
				X	X
1.1.4	Indicador de baixa presión ou manómetro.	Comprobación funcional.	X		
1.1.5	Válvula de regulación do freo de man.	Inspección visual dos compoñentes mentres se acciona o dispositivo de freada.		X	
				X	
				X	
				X	
1.1.6	Freo de estacionamento, regulación da panca, trinquete do freo de estacionamento, freo electrónico de estacionamento.	Inspección visual dos compoñentes mentres se acciona o dispositivo de freada.		X	
				X	
				X	
				X	
				X	
1.1.7	Válvulas de freada (válvulas de retención, válvulas de escape rápido, reguladores).	Inspección visual dos compoñentes mentres se acciona o dispositivo de freada.		X	X
			X		
				X	
				X	X



Elemento	Método	Causas de rexeitamento	Avaliación das deficiencias			
			Leve	Grave	Perigosa	
1.1.8	Acoplamento dos freos de remolque (eléctricos ou pneumáticos).	Desconexión e reconexión de todos os acoplamentos entre vehículo tractor e remolque.	a) Válvula de paso ou válvula de peche automática defectuosa. Afecta a súa función.	X		
			b) Válvula de paso ou válvula insegura ou montada incorrectamente. Afecta a súa función.	X		
			c) Perdas excesivas. Afecta a súa función.		X	
			d) Funcionamento incorrecto. Afecta o funcionamento dos freos.		X	X
